



NORMAS E BOAS PRÁCTICAS PARA PROTEXER A DOCUMENTACIÓN QUE CONTEÑA DATOS PERSOAIS



Previamente a realizar envíos postais ou entregas persoais revisa coidadosamente a documentación, para poder detectar posibles erros no seu contido ou nos destinatarios.



Non deixes os documentos á vista na mesa de traballo. Cando te ausentes, deben permanecer gardados en armarios ou outros dispositivos de almacenamento pechados.



Mentres a documentación non estea arquivada **a persoa que estea ao seu cargo deberá custodiala e impedir os accesos non autorizados**, poñendo especial coidado naqueles postos de traballo con atención ao público ou con tránsito de persoal.



Non desbotes no lixo documentos que conteñan datos persoais, por pouco relevantes que poidan parecer. Utiliza destrutoras de papel, contedores de destrución ou elimina os documentos doutro xeito que dificulte a súa recuperación. Non os uses tampouco como papel reciclado.





NORMAS E BOAS PRÁCTICAS PARA PROTEXER A DOCUMENTACIÓN QUE CONTEÑA DATOS PERSOAIS



Non esquezas documentación na impresora ou fotocopiadora. Cando a información a imprimir revista especial sensibilidade utiliza a **“impresión bloqueada”** naqueles dispositivos que dispoñan desta funcionalidade.

A documentación que conteña datos persoais **non debe saír das instalacións** na que se xestiona. Se fose imprescindible trasladala, débense adoptar medidas dirixidas a impedir o acceso ou manipulación como gardar a documentación **nun cartafol pechado.**

Calquera incidencia relacionada co uso da documentación deberá ser **comunicada ao superior xerárquico ou ao delegado ou delegada de protección de datos** á maior brevidade posible, para adoptar as medidas necesarias.



Podes ampliar información respecto do tratamento de datos persoais e seguridade da información en <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/seguridade> ou en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos?langId=gl_ES.

Para máis información pode contactar coa UAC...



por correo electrónico
uac@edu.xunta.gal

ou por teléfono
UAC - 881 99 77 01